

MEMORIA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA E O ILUSTRE COLEXIO DE PROCURADORES DE SANTA CRUZ DE TENERIFE PARA A APLICACIÓN DAS NOVAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN NOS PROCEDIMENTOS DE XESTIÓN TRIBUTARIA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Directora da Axencia Tributaria de Galicia, DECLARA:

Que, a Axencia Tributaria de Galicia ten previsto formalizar co Ilustre Colexio de Procuradores de Santa Cruz de Tenerife un instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia de catro anos dende a data da firma do convenio. En calquera momento antes da finalización do prazo previsto anteriormente, as partes poderán mediante addenda acordar unanimemente a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.

Que, o instrumento convencional ten por obxecto:

A ATRIGA e o Ilustre Colexio de Procuradores de Santa Cruz de Tenerife utilizando as novas tecnoloxías da información, ofrecerán aos obrigados tributarios a posibilidade de levar a cabo, dende a propia oficina a que os contribuíntes voluntariamente encomenden os servizos que prestan en relación coa tramitación de procedementos de xestión tributaria, os seguintes trámites:

- Información sobre o valor dos bens inmoables situados en Galicia que vaian ser obxecto de adquisición ou transmisión e, no seu caso conforme coa normativa vixente, obtención dos acordos previos de valoración que sexan da competencia da Consellería de Facenda e Administración Pública.





- Presentación, pago e remisión por vía telemática das autoliquidacións, declaracións, liquidacións e/ou recibos correspondentes aos seguintes impostos:

a) Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados (ITP-AJD)

b) Imposto sobre sucesións e doazóns (ISD).

c) Taxas fiscais sobre o xogo.

d) Imposto sobre contaminación atmosférica (ICA).

e) Imposto sobre o dano ambiental causado por determinados usos e aproveitamentos de auga embalsada (IDMAE).

f) Canon eólico (CE).

g) Imposto compensatorio ambiental mineiro (ICAM).

h) Canon sobre os inmobles declarados en estado de abandono (CIDEA).

i) Imposto sobre o depósito de residuos en vertedoiros, a incineración e a coincineración de residuos (IDIRES).

j) Imposto especial sobre determinados medios de transporte, a partir do momento en que a Comunidade Autónoma de Galicia solicite o traspaso dos servizos adscritos.

k) E, demais impostos, taxas, prezos e outros ingresos de dereito público competencia da Comunidade Autónoma de Galicia para os que se prevea a presentación, pago e remisión por vía telemática.

Que, existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.





Que, o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta en que a colaboración social na xestión tributaria constitúe un instrumento previsto no artigo 92 da Lei Xeral Tributaria e conscientes do servizo ao cidadán que pode supoñer concentrar nunha única xestión todos os trámites relacionados coa iniciación dos procedementos administrativos de carácter tributario e, aproveitando as posibilidades que ofrecen as novas tecnoloxías da información, é vontade da ATRIGA e o Ilustre Colexio de Procuradores de Santa Cruz de Tenerife establecer un marco de colaboración apropiado que permita aos asociados, en representación dos contribuíntes que voluntariamente o soliciten, facer e/ou iniciar moitos dos trámites que actualmente están obrigados a realizar ante esta.

Que, os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, en virtude do art. 6 do mesmo.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Asinado de forma electrónica en Santiago de Compostela
A directora

